

BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

A Eurorexión fronte á crise

Actualidade 2

Monográfico 3

Emprego 6

Novidades lexislativas 10

Consultas 11

Cooperación empresarial 12

A crise económica que se estendeu de xeito desigual polo continente, está a afectar con especial virulencia ambos os dous países ibéricos. Así, a economía de España e Portugal permanece dende os seus primeiros embates nun equilibrio inestable. Unha diagnose da saúde dos dous socios comunitarios revela non poucas similitudes nas súas doenzas: un elevado déficit público, o aumento recente da presión fiscal, a deterioración do mercado de traballo, un insuficiente nivel de produtividade, etc.

Ante o agravamento que, no transcurso deste ano, experimentaron estes rigores, ambos os dous países elaboraron, ao igual que a maioría de Estados membros da UE, un esixente paquete de medidas co obxectivo de reconducir, no horizonte de 2013, o gasto público cara a índices menos comprometidos para o futuro da economía.

As actuacións trazadas gardan tamén certos paralelismos, en canto a que apuntan, entre outros ámbitos, á redución do custo dos traballadores da Administración e á paralización de grandes obras de infraestrutura; unha medida esta última que, ata o momento, se formulara como un estímulo para a recuperación.

A alza fiscal é, á súa vez, outra desas iniciativas compartidas, aínda que adoptada a cada lado da fronteira en distintos tempos. No último mes, Portugal incrementou a carga tributaria de cidadáns e empresas, unha suba que España formalizou o ano pasado, pero cuxa entrada en vigor estase a producir de xeito progresivo ao longo de 2010.

Resulta indubidable que, a aplicación destas e outras medidas, terá un impacto na proxección económica da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Entre as consecuencias inmediatas atópase a paralización dunha das infraestruturas chamadas a reforzar a súa vertebración: a liña de alta velocidade entre Porto e Vigo. Os esforzos realizados nos últimos meses en aras da súa materialización, ceden o paso a un período de indefinición.

Con todo, ante un escenario inconsistente como o ata aquí esbozado, a Eurorexión determínase como unha proveitosa oportunidade para corrixir os desequilibrios existentes e reactivar, baseándose na intensificación dos intercambios comerciais e a posta en marcha de novos proxectos de cooperación empresarial, o que facer económico.

Se ben o nivel de integración de Galicia e o Norte de Portugal resulta elevado, existe unha ampla marxe para dinamizar e consolidar a Eurorexión, un esforzo que redundará sen dúbida na proxección do seu mercado. No interior deste boletín, pódese comprobar como se suceden as iniciativas neste sentido, co fin de ofrecer a traballadores e empresas cada vez maiores oportunidades.

A Comisión actúa ante as trabas de Portugal á circulación dos axentes da propiedade industrial

Portugal favorece os axentes europeos da propiedade industrial establecidos no seu país fronte aos doutros Estados membros da Unión Europea. A pesar de que as autoridades lusas mostraran a súa disposición para modificar a súa normativa, a Comisión Europea decidiu levar á República Portuguesa ante o Tribunal de Xustiza, unha vez que a modificación anunciada non se produciu.

A devandita discriminación concéntrase nas esixencias que o Instituto Portugués de Marcas e Patentes formula os axentes doutros Estados membros para poder des-

envolver en Portugal os seus servizos con carácter temporal, xa que este organismo esixe un rexistro e unha acreditación previa ante as autoridades portuguesas. Un procedemento que se asocia a un control previo da cualificación profesional dos axentes.

A Comisión considera que os devanditos requisitos son contrarios ás regras da Unión Europea, en canto á libre prestación de servizos e ao recoñecemento das cualificacións profesionais, motivo polo cal decidiu acudir ás correspondentes instancias xudiciais.

Novo instrumento europeo de microfinanciamento para o emprego e a inclusión social

Ante os rigores da actual conxuntura económica, a UE creou un novo instrumento de microfinanciamento para facilitar o acceso ao crédito a aquelas persoas que perderon o seu traballo ou atopan dificultades para acceder ao mercado laboral. Ademais, o novo instrumento pretende ofrecer unha oportunidade ás persoas en risco de exclusión social.

O obxectivo final desta iniciativa consiste en facilitar os cidadáns que se atopan en dificultades laborais a posibilidade de crear as súas propias microempresas ou converterse en autónomos, fomentando activamente a igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

O instrumento levarase á práctica por medio das seguintes accións:

- a) garantías e instrumentos de risco compartido;
- b) instrumentos de patrimonio;

c) títulos de crédito;

d) medidas de apoio, concretamente actividades de comunicación, supervisión, control, auditoría e avaliación directamente necesarias para a posta en práctica eficaz e eficiente do instrumento e para o logro dos seus obxectivos.

O instrumento está aberto a entidades públicas e privadas radicadas a escala nacional, rexional ou local nos Estados membros que proporcionan microfinanciamento a persoas e microempresas.

A contribución financeira con cargo ao presuposto da Unión destinada ao instrumento ascende a 100 millóns de euros para os próximos catro anos.

O instrumento artículase a través da Decisión núm. 283/2010/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de marzo de 2010 e foi publicado no Diario Oficial L115, do 7 de abril de 2010.

A Comisión reclama a España o seu proceder no reembolso dos gastos de atención sanitaria

Segundo a normativa comunitaria, os cidadáns europeos teñen, con carácter xeral, dereito a acceder aos servizos sanitarios en calquera Estado da Unión Europea e a ser reembolsados polos gastos incorridos para iso. Con todo, dependendo do tipo de asistencia, o Estado pode requirir unha autorización previa para recibir atención noutro país e ter dereito ao posterior reembolso.

As autoridades españolas, de acordo coa súa lexislación interna, só reembolsan os tratamentos ambulatorios ou hospitalarios nos casos de emerxencia vital do paciente, vulnerando así os dereitos que confiren aos

pacientes a liberdade de prestación de servizos.

Deste modo, segundo constatou a Comisión, España denega sistematicamente o reembolso dos custos de hospitalización cuxa solicitude de autorización se presenta unha vez iniciado o tratamento noutro Estado membro ou despois deste, circunstancia pouco razoable baixo o punto de vista do executivo comunitario, xa que diso se derivan importantes prexuízos económicos para os pacientes, que deben afrontar facturas hospitalarias de elevada contía por uns servizos aos que terían dereito en España.

Políticas correctoras do déficit en España e Portugal

A UE aprobou un plan de rescate para os Estados membros en perigo de insolvencia que ascende a 750.000 millóns de euros.

En contrapartida a tan ambicioso plan, o Banco Central Europeo (BCE) propuxo as economías que presentan maiores dificultades, como é o caso de España, Portugal e Irlanda, a esixencia de reducir de xeito drástico o seu déficit.

	España	Portugal	Zona euro
Déficit público	11,2%	9,4%	6,3%
Débeda	52,2%	76,8%	78,7%
Taxa de paro	20,0%	10,5%	10,0%

España e Portugal, adoptaron xa unha serie de accións para reconducir o seu déficit.

España	Portugal
Rebaixa salarial progresiva do 5% de media para os funcionarios	Recorte do 5% nos soldos de altos cargos da Administración e as empresas públicas
Conxelación das pensións (salvo mínimas e non contributivas)	Conxelación de soldos para funcionarios
Axudas á dependencia concedidas sen efectos retroactivos	Imposto do 2,5% adicional para as grandes empresas e a banca
Suba do tipo do IVE: xeral 2 puntos (18%) e reducido 1 punto (8%)	Aumento do imposto sobre a renda do traballo entre 1 e 1,5 puntos.
Supresión cheque bebé (2500 €)	Incremento do IVE nun punto, situándoo no 21%.
Recorte obra pública (6400 millóns en 2 anos)	Privatización das participacións estatais en compañías estratéxicas, co fin de sanear as contas (España valeuse desta medida nos anos 90)
Eliminación dedución 400 € IRPF	Paralización de determinadas obras públicas (como a liña de alta velocidade entre Porto e Vigo)
Aumento en tributación rendas aforro (do 18% tipo único a 19% <6000 € e 21% >6000 €)	
Incremento impostos especiais: carburantes, alcohol, tabaco.	
Revisión das axudas ao desenvolvemento	

En España, están en estudo por parte do goberno outras medidas complementarias como: a rebaixa salarial de altos cargos públicos; a supresión da axuda de 420 € aos parados con prestación esgotada; as reformas no sistema de pensións; a suba de impostos ás rendas máis elevadas ou novas melloras na loita da fraude fiscal.

Os axustes ata aquí comentados non son exclusivos de España e Portugal. A teor do importante déficit público existente en Europa, a maioría de Estados membros articularon medidas semellantes.

Así, Italia prepara reformas nos seus sistemas de pensións co fin de aforrar 25.000 millóns no prazo de dous anos (10.000 millóns máis que España) e países como Francia, coa conxelación do gasto público, e Alemaña, con anuncios de plans de austeridade e reformas de impostos, non parecen inmunes á corrente europea.

En todo caso, e á espera de comprobar se o paquete de medidas despregado se revela suficiente para reconducir, no prazo de 2013, o déficit dos Estados membros ao 3,5%, o exame definitivo por parte da Comisión para ambos os dous países ibéricos terá lugar o próximo mes de xuño.

Innovación e emprego en Galicia e Norte de Portugal

Relación Innovación-Emprego

No *Libro Verde da Innovación*¹, publicado pola Unión Europea en 1995, establécese que o crecemento, o mantemento do emprego e a competitividade están directamente relacionados coa innovación. Se ben no mesmo documento se sinala que, a pesar de que os recursos humanos son o factor esencial no proceso da innovación, as relacións entre innovación-emprego son complexas.

Aínda que o progreso tecnolóxico xera novas riquezas, e as innovacións de produtos e de procedementos redundan nunha maior produtividade e incremento do emprego, "a inserción rápida destas innovacións no sistema produtivo pode provocar a curto prazo perdas de postos de traballo pola obsolescencia dalgúns tipos de cualificacións profesionais". En consecuencia, a educación inicial e a formación continua desempeñan un papel transcendental na oferta das competencias de base e na súa adaptación.

A innovación, á marxe de xerar postos de traballo, propicia novos modelos de emprego baseados en actividades como o teletraballo, que favorece, en ocasións, a desconcentración urbana e a creación de emprego en zonas rurais, facilitando unha maior cohesión territorial. Á súa vez, a innovación permite mellorar as condicións e a seguridade no traballo, respectar o medio, economizar recursos naturais e enerxéticos, responder aos retos do envellecemento demográfico, contribuír á inserción de discapacitados e promover novas formas de traballo.

Existe así a dificultade de establecer unha correlación obxectiva que represente a contribución dos procesos de innovación á xeración e mellora do emprego, ao ser necesario avaliar múltiples factores.

Indicadores da Estratexia de Lisboa

No actual panorama socioeconómico, o uso de indicadores para a medición do rendemento e a comparación con outros países, resulta de interese xeral para a formulación de políticas, xa que son unha ferramenta clave para manter informados os responsa-

Características dos indicadores actuais

DEFICIENCIAS	POSIBLES EFECTOS
Selección de indicadores inadecuados	O erro no deseño do indicador pode supoñer un desaproveitamento dos recursos, tanto políticos como económicos
Indicadores universais	Dada a grande diversidade de rexións europeas, os obxectivos deberían adecuarse ás súas particularidades, e non establecer obxectivos xerais e uniformes para toda a Unión Europea.
Establecemento de obxectivos non realistas ou non alcanzables	Esto pode supoñer un fracaso político e debilitar o espírito democrático da cidadanía, ao provocar que os países carezcan de incentivos para cumprir as metas sinaladas.
Indicadores incomprensibles e inintelixibles	A poboación europea, ao igual que as empresas e os seus responsables, necesitan indicadores máis cercanos para comprender os efectos derivados do seu cumprimento ou incumprimento.
Indicadores máis simples	Os indicadores non deben medir procesos simples como reflexo de procesos complexos. A innovación é un proceso multifacético que en certos casos non implica gasto en I+D, polo que medilos únicamente a través dos insumos da I+D, das patentes ou do investimento en TIC resulta insuficiente.
Aplicación de métodos de medición inadecuados	Os indicadores deben ter en conta a razón de ser da medición e a quen se vai dirixir o resultado.
Publicación de datos/indicadores con demasiado retraso	Os Estados membros non proporcionan os datos coa suficiente antelación e en certos casos resulta difícil a súa homoxeneización, o que impide en moitas ocasións realizar unha toma de decisións áxil para adaptar a política á realidade económica e social.

Fonte: Elaboración propia a partir do artigo "Innovating Indicators: Choosing the Right Targets for EU 2020" de Ann Mettler²

bles da toma de decisións sobre a execución de obxectivos establecidos.

Estes indicadores non só deben responder a unha necesidade de xustificación política, senón que resulta conveniente que permitan avaliar de xeito transparente a consecución de obxectivos respecto dos intereses da cidadanía. Así, deben procurar que os devanditos indicadores sexan máis vangardistas e menos abstractos, co fin de que sexan comprendidos polos cidadáns, para que poidan valorar a repercusión que os devanditos resultados teñen respecto a temas tan cruciais como o emprego, a educación ou a inclusión social.

A política de investigación e desenvolvemento, considerada como o motor do emprego e crecemento en Europa, foi un dos puntos esenciais da Estratexia de Lisboa; entendendo que a investigación, xunto coa educación e a innovación, forman o "triángulo do coñecemento" que permitirá preservar a Europa o seu dinamismo económico e modelo social.

Os indicadores de medición establecidos pola Unión Europea para dar execución a

estes obxectivos presentan unha serie de deficiencias á hora de establecer pautas válidas sobre as necesidades financeiras, económicas e sociais, como o desemprego, a pobreza ou a exclusión social, que se están a vivir no seo da Unión Europea.

Os motores claves do crecemento: Nova estratexia, novos indicadores.

A teor da necesidade de reconsiderar a estratexia europea de cara aos próximos dez anos, a Comisión Europea abriu a finais de 2009 unha consulta pública sobre a Estratexia UE 2020, a través da cal se identificaron tres motores clave para crecemento:

- Crecemento intelixente, a través do impulso do coñecemento, a innovación, a educación e a sociedade dixital.
- Crecemento sustentable, co fomento dunha produción máis eficiente en canto aos recursos á vez que impulsar a nosa competitividade.
- Crecemento integrador, co aumento da participación no mercado de traballo, a adquisición de cualificacións e a loita contra a pobreza.

¹ European Commission. *Green Paper of Innovation* [en liña]. [Documento COM(95) 688], December 1995. Dispoñible en: http://europa.eu/documents/comm/green_papers/pdf/com95_688_en.pdf.

² METTLER, Ann. "Innovating Indicators: Choosing the Right Targets for EU 2020" [en liña]. *The Lisbon Council e-brief*. Issue 4/2009. Dispoñible en: <http://www.lisboncouncil.net/index.php?option=downloads&id=306>

Froito desta consulta, o Consello Europeo estableceu novos obxectivos e criterios de referencia para medir os progresos, indicadores que presentará a Comisión en xuño de 2010.

Indicadores I+D e emprego: Galicia – Norte de Portugal

Á vista do exposto, e a pesar de que a avaliación dos obxectivos establecidos na Estratexia de Lisboa se realiza de forma independente, os indicadores proporcionan un marco de información comparable que permite observar o progreso e o grao de execución das rexións Galicia e Norte de Portugal respecto ao investimento en I+D e á taxa de emprego.

Baseándose nos datos obtidos na enquisa europea sobre innovación *Community Innovation Survey* (CIS)³ e no Innobarómetro⁴, que facilitan unha avaliación das medidas públicas de apoio a programas para a innovación dende unha perspectiva empresarial, elaboráronse o *European Innovation Scoreboard* (EIS)⁵ e o *Regional Innovation Scoreboard* (RIS)⁶. Convén advertir que os marcos temporais aos que se refiren ambos os dous informes son diferentes, xa que o primeiro fai referencia ao período 2005-2008 e o segundo ao período 2004-2006.

Os indicadores que con carácter harmonizado se analizaron (29 indicadores para o EIS e 16

deles para o RIS) para comprobar o grao de desempeño da Estratexia de Lisboa en materia de innovación, tanto a nivel nacional coma a nivel rexional, pódense agrupar en:

- **Enablers** ou facilitadores: son os principais impulsores da innovación externos á empresa.
- **Actividade das empresas:** refírese aos esforzos de innovación aos que as empresas se comprometen.
- **Outputs:** refírese á produción das actividades de innovación realizadas polas empresas.

Os indicadores resaltados en grosa no cadro inferior, resultan relevantes na súa relación indirecta co emprego, pois, como se apuntaba no *Libro Verde da Innovación* este é un factor que xera emprego á vez que propicia a súa mellora: "As innovacións de produtos dan lugar a un incremento da demanda efectiva, o que fomenta o aumento dos investimentos e do emprego. Pola súa banda, as innovacións de procedementos contribúen ao aumento da produtividade dos factores, incrementando a produción e diminuindo os custos. A longo prazo, o efecto é un novo aumento do poder adquisitivo e, con iso, do emprego".

Comparando os resultados por países e rexións, podemos realizar a seguinte clasificación:

Clasificación de países e rexións segundo a análise dos indicadores

PAÍSES EIS	REXIÓNS RIS
Líderes da innovación	Innovadoras altas
Seguidores da innovación	Innovadoras medio-altas
Innovadores moderados	Innovadoras medias
Innovadores emerxentes	Innovadoras medio-baixas
	Innovadoras baixas

Fonte: Elaboración propia a partir do *European Innovation Scoreboard* (EIS) 2009 e do *Regional Innovation Scoreboard* (RIS) 2009

Baseándose na análise dos indicadores, pódese comprobar que Portugal tivo un rápido crecemento respecto do EIS anterior, posicionándose no grupo de innovadores moderados no que se atopaba España, que rexistrou un lento crecemento no seu rendemento de innovación.

Á súa vez, tanto Galicia como o Norte de Portugal sitúanse por debaixo da media (medio-baixa), segundo o RIS, mantendo así a súa posición xeral con respecto a anos anteriores, aínda que se pode constatar que ambas as dúas melloraron os seus resultados de innovación respecto dos *outputs*.

Unha análise pormenorizada dos resultados rexionais permite observar como a rexión Norte de Portugal, unha das rexións portuguesas con

Indicadores rexionais de innovación

ENABLERS O FACILITADORES	ACTIVIDADE DE EMPRESAS	OUTPUTS
Poboación con educación superior por cada 100 habitantes de 25-64 anos	Gasto da actividade de negocios en I + D (porcentaxe do PIB)	Empresas con innovacións tecnolóxicas de produto ou de proceso (porcentaxe do total de pemes)
Participación en formación continua ao longo da vida por cada 100 habitantes de 25-64 anos	Gastos en innovación das pemes, excluído o gasto en I+D (porcentaxe sobre a cifra de negocios)	Empresas con innovacións non tecnolóxicas de marketing ou de organización (porcentaxe do total de pemes)
Gasto público en I+D (porcentaxe do PIB)	Porcentaxe de pemes que realizan innovación propia (do total de pemes)	Eficiencia de recursos innovadores (promedio dos seguintes indicadores): • Número de empresas innovadoras ⁸ que consideran de grande importancia como obxectivo da innovación a redución ou menor custo laboral por unidade producida (porcentaxe do total de pemes). • Número de empresas innovadoras que consideran de grande importancia como obxectivo da innovación a redución ou menor consumo de materiais e enerxía por unidade producida (porcentaxe do total de pemes).
Acceso de banda ancha	Porcentaxe de pemes innovadoras que cooperan con outras entidades (do total de pemes)	Emprego en servizos intensivos en coñecemento (porcentaxe do total de poboación activa)
	Número de patentes EPO por millón de habitantes	Emprego na fabricación de media-alta e alta tecnoloxía (porcentaxe do total de poboación activa)
		Bens e/ou servizos que foron novidade no mercado, referido a pemes (porcentaxe da cifra de negocios)
		Bens e/ou servizos que foron novidade unicamente para a empresa, referido a pemes (porcentaxe da cifra de negocios)

Fonte: Elaboración propia a partir do *Regional Innovation Scoreboard* (RIS) 2009

³ Eurostat. *Statistics: Science, technology and innovation* [en liña]. Dispoñible en http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_SDDS/en/inn_esms.htm.

⁴ "Innobarómetro 2009: Analytical Report" [en liña]. Conducted by The Gallup Organization. *Flash Eurobarometer*, May 2009, núm. 267. Dispoñible en: http://ec.europa.eu/public_opinion/flash/fl_267_en.pdf

⁵ "European Innovation Scoreboard (EIS) 2009: Comparative analysis of innovation performance" [en liña]. *PRO INNO Europe Papers*, Mars 2010, núm. 15. Dispoñible en: <http://www.proinno-europe.eu/sites/default/files/page/10/03/1981-DG%20ENTR-Report%20EIS.pdf>

⁶ HOLLANDERS, Hugo; TARANTOLA, Stefano; LOSCHKY, Alexander. "Regional Innovation Scoreboard (RIS) 2009" [en liña]. *INNO-Metrics Publications*, December 2009. Dispoñible en: http://www.proinno-europe.eu/sites/default/files/page/10/03/RIS_2009-Regional_Innovation_Scoreboard.pdf

⁷ European Commission. *Green Paper on Innovation*. Op. cit.

⁸ "A empresa innovadora é aquela que introduciu unha innovación no período de estudo. As innovacións non tiveron necesariamente que ter éxito comercialmente; de feito, moitas innovacións fracasan. As empresas innovadoras divídense naquelas que desenvolveron innovacións por si soas ou en cooperación con outras empresas ou organismos públicos de investigación, e aquelas que innovaron, fundamentalmente, a partir da adopción de innovacións (por exemplo, novo equipo) desenvolvidas por outras empresas. As empresas innovadoras tamén poden ser clasificadas segundo os tipos de innovación que puxeron en marcha, por exemplo, un novo produto ou proceso, un novo método comercial ou un cambio organizativo". (*Manual de Oslo: Guía para a recollida e interpretación de datos sobre innovación* [en liña]. 3ª ed. Madrid: Grupo Tragsa, 2005. Dispoñible en: http://www.conacyt.gob.sv/Indicadores%20Sector%20Academico/Manual_de_Oslo%2005.pdf)

maior porcentaxe de poboación menor de 30 anos, presenta unha debilidade nos indicadores referidos a facilitadores da innovación relacionados co emprego. Así, chama a atención o índice especialmente baixo con respecto á poboación con estudos universitarios, a pesar da mellora experimentada nos últimos anos e dos plans específicos lanzados para o fomento da educación.

Pola súa banda, Galicia presenta unha fortaleza no que a facilitadores se refire; o investimento das empresas en actividades innovadoras que non inclúen I+D sitúase a menos da metade da media europea (1,03%), e a pesar de que o número de pemes que emprenderon procesos de innovación propia diminuíu, a porcentaxe destas empresas sitúase próximo á media europea.

No caso da rexión Norte de Portugal, o dito índice é superior ao europeo, ao igual que o número de empresas que realizan innovación propia. Tamén son destacables os resultados alcanzados polo Norte de Portugal tanto en innovación de produto coma de proceso, xa que estas innovacións inflúen de forma indirecta no emprego.

Galicia presenta maiores índices de emprego que o Norte de Portugal, tanto en alta tecnoloxía coma en servizos intensivos de coñecemento, diferencial que podería deberse á inadecuada formación da poboación desta rexión. Aínda que as pemes do Norte de Portugal afrontaron en maior proporción procesos innovadores en mercadotecnia e organización, o que é característico das empresas do sector servizos⁹.


En xeral, pódese concluír que o crecemento do emprego e a súa mellora pasa pola adecuación dos niveis educativos e a formación continua ás necesidades reais das empresas, e que a innovación debe calibrarse polos seus resultados neste ámbito económico e social, establecendo unha relación máis clara e directa con indicadores referidos ao emprego.

Rendemento en innovación rexional absoluto e relativo respecto ao grupo de pertenza

	RIS		FACILITADORES		ACTIVIDADES DAS EMPRESAS		OUTPUTS		INDICADOR DE FORTALEZA OU DEBILIDADE	
	2004	2006	2004	2006	2004	2006	2004	2006	2004	2006
GALICIA	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio	Medio	Medio-baixo	Medio-baixo	Baixo	Medio-baixo	Facilitadores	Facilitadores
NORTE DE PORTUGAL	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-baixo	Medio-alto	Facilitadores	Facilitadores

Fonte: Regional Innovation Scoreboard (RIS) 2009

Perfis de país respecto do rendemento e do crecemento en innovación



Fonte: European Innovation Scoreboard (EIS) 2009, p. 42 e p. 48.

Datos normalizados por indicador e rexión

		ENABLERS OU FACILITADORES				ACTIVIDADES DE EMPRESA					OUTPUTS							
		Educación superior	Educación continua	Acceso a banda ancha	Gasto público en I+D	Gasto en I+D de empresa	Gasto en innovación de empresa (excluído I+D)	Innovacións internas en empresa	Innovacións en colaboración	Patentes EPO	Innovación de produto ou proceso	Innovación de marketing ou organizacional	Eficiencia de recurso innovador: Redución custo laboral	Eficiencia de recurso innovador: Redución do consumo de materiais e enerxía	Emprego en media-alta e alta tecnoloxía	Emprego en servizos intensivos de coñecemento	Bens/servizos novidade en mercado	Bens/servizo novidade para a empresa
2004	GALICIA	0,47	0,38	0,30	0,50	0,43	0,39	0,33	0,24	0,23	0,36	0,16	0,37	0,30	0,33	0,36	0,37	0,49
2006	GALICIA	0,57	0,57	0,30	0,50	0,43	0,38	0,25	0,34	0,23	0,33	0,29	0,48	0,51	0,31	0,35	0,43	0,71
2004	NORTE DE PORTUGAL	0,07	0,28	0,29	0,46	0,38	0,71	0,54	0,29	0,20	0,58	0,60	--	--	0,24	0,18	0,41	0,45
2006	NORTE DE PORTUGAL	0,10	0,24	0,29	0,46	0,38	0,65	0,53	0,28	0,20	0,56	0,68	0,49	0,49	0,23	0,18	0,82	0,55

⁹ O sector servizos na Unión Europea supón máis do 70% do PIB

Emprego

O ano 2009 pechouse cunha poboación activa que ascendeu a 3.290.200 persoas, se ben, se analizamos a evolución deste indicador en Galicia e na rexión Norte de Portugal, observamos que a tendencia no último trimestre que mostran as dúas rexións é oposta, mentres que en Galicia a tendencia durante todo o ano 2009 foi un continuo descenso da poboación activa, en Portugal obsérvase que no último trimestre se produce un repunte de indicador.

Respecto á taxa de actividade, a evolución é moi similar á da poboación activa. O ano 2009 péchase en Galicia cunha taxa de actividade do 54,8% fronte ao 62,4% da rexión Norte de Portugal e, como co indicador anterior, a tendencia deste foi dun descenso continuo en Galicia fronte a un repunte da taxa de actividade no último trimestre no Norte de Portugal que pecha o ano cun valor de 62,4%.

Se analizamos a evolución da taxa de paro en Galicia durante o ano 2009 observamos que, se ben se reduciu lixeiramente no terceiro trimestre do ano tanto entre homes como entre mulleres, o cuarto trimestre trouxo un novo aumento desta taxa, aumento máis acusado entre as mulleres. A taxa de paro entre os homes era de 11,4% no primeiro trimestre e pasa a un 11,9% no último trimestre fronte á taxa de paro entre as mulleres que pasa dun 13,2% no primeiro trimestre de 2009 a un 14,1% no último.

No Norte de Portugal o aumento da taxa de paro foi continuo durante todo o ano e tamén neste caso o aumento deste indicador foi maior entre mulleres que entre homes. A taxa de paro do primeiro trimestre de 2009 era de 9,2% entre os homes e de 11,0% entre as mulleres, o ano péchase cunha taxa de paro feminino de 13,7% fronte ao 10,3% de paro masculino.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	1.313,3	712,7	600,5
2009/IV	1.307,3	708,2	599,0

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	1.959,3	1.044,7	914,6
2009/IV	1.982,9	1.057,9	925,1

Fonte: Instituto Nacional de Estatística, IP (INE)

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	55,1	62,5	48,2
2009/IV	54,8	62,1	48,1

Fonte: IGE

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	61,8	68,9	55,2
2009/IV	62,4	69,7	55,8

Fonte: INE Portugal

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	12,4	11,5	13,3
2009/IV	12,9	11,9	14,1

Fonte: IGE

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/III	11,6	10,0	13,4
2009/IV	11,9	10,3	13,7

Fonte: INE Portugal

Oferta e demanda de emprego

Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

O maior número de ofertas de emprego xestionadas nos centros de emprego de Portugal e referidas a postos de traballo na rexión Norte no último semestre do ano 2009, referíronse a persoal de servizos, protección e seguridade. Considerando unha media do total de ofertas tramitadas este último semestre, as ofertas deste persoal supoñen un 17,22%, seguidas polas ofertas referidas a operarios industriais e a peóns industriais, da construción e minaría que representan respectivamente un 15,36% e un 13,20% do total.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Operarios industriais	600	334	816	673	713	626
Persoal de servizos, protección e seguridade	625	809	1067	718	491	507
Peóns industriais, construción e minaría	977	336	662	514	427	318
Traballadores cualificados da construción e minaría	357	302	559	274	237	151
Empregados tipo administrativo	413	192	365	339	231	249
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	384	229	340	305	275	225
Traballadores cualificados industria	241	122	240	219	171	157
Condutores e operadores de maquinaria móbil	331	225	395	268	172	186
Dependentes e vendedores	452	520	560	361	277	324
Técnicos e profesionais nivel intermedio	190	152	193	120	122	130
Titulados medios universitarios	114	65	154	174	96	86
Licenciados universitarios	67	60	149	133	95	172

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Ocupacións con maior demanda en Galicia

O número medio total de postos ofrecidos para a súa intermediación laboral aos servizos públicos de emprego de Galicia no último semestre do ano 2009 ascendeu a 2875 altas mensuais, entre elas os postos máis ofrecidos foron os de traballadores da construción, representando un 17,08%, seguidos dos técnicos e profesionais de nivel intermedio cun 15,20% e os traballadores de servizos de restauración cun 12,70%.


	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Traballadores servizos restauración	437	366	425	420	330	213
Peóns agricultura, pesca, construción, industria e transportes	649	281	365	213	467	89
Traballadores construción	669	419	448	341	905	165
Técnicos e profesionais nivel intermedio	325	268	686	699	464	177
Empregados tipo administrativo	128	114	268	238	172	71
Dependentes e vendedores	67	57	69	52	130	27
Traballadores cualificados da agricultura	140	80	64	52	304	18
Condutores e operadores de maquinaria móbil	242	65	90	76	58	27
Operarios industriais	32	28	66	30	62	21
Traballadores cualificados industria	77	72	97	62	65	37
Titulados medios universitarios	135	153	177	252	171	72
Traballadores non cualificados de servizos	260	206	244	278	164	108
Licenciados universitarios	125	144	364	354	251	58
Traballadores servizos, protección e seguridade	269	65	36	15	22	2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

Analizando as ocupacións máis demandadas nos servizos públicos de emprego da eurorrexión, observamos que a evolución dos perfís buscados é moi distinta ao longo do ano 2009. Mentres que no Norte de Portugal se mantén a tendencia do primeiro semestre do ano e se repiten no segundo semestre as ocupacións con maior demanda, en Galicia obsérvase un incremento na demanda de técnicos e profesionais de apoio fronte á diminución que se dá no número de postos ofrecidos buscando traballadores da construción.


No *ranking* das sete ocupacións máis demandadas en Galicia e no Norte de Portugal o peso específico de cada ocupación reflíctese nos seguintes gráficos.

**Ocupacións máis demandadas no Norte de Portugal
Segundo semestre 2009**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

**Ocupacións máis demandadas en Galicia
Segundo semestre 2009**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal segue sendo a industria manufacturera a que comunica aos centros de emprego portugueses un maior número de ofertas, especialmente as industrias do vestido, do coiro e da alimentación.

Respecto ao primeiro semestre do ano obsérvase un leve retroceso no número de ofertas referidas ao sector da construción que se compensa cun aumento das ofertas do sector comercio.

Destaca tamén o repunte que se dá nos dous últimos meses do ano do número de ofertas referidas á industria extractiva, repunte que se mantén nos primeiros meses do ano en curso.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Industria manufacturera	979	606	1403	1229	810	685
Construción	484	354	694	361	389	173
Comercio e reparacións de vehículos	710	718	895	676	535	606
Actividades inmobiliarias	1442	619	980	635	554	622
Hostalaría	424	623	815	503	296	207
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	223	128	276	244	159	257
Transporte, almacenaxe	58	45	46	48	44	47
Actividades de comunicación	19	21	54	34	39	21
Agricultura, gandería e pesca	26	72	62	14	54	12
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	31	19	39	61	9	18
Actividades financeiras e de seguros	7	1	7	19	11	2
Outras actividades de servizos	188	143	205	192	106	108
Industria extractiva	9	4	3	4	249	243
Actividades profesionais, científicas e técnicas	87	84	71	68	89	71

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego


Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia

O maior número de postos rexistrados nas unidades de xestión dos servizos públicos de emprego en Galicia referíronse durante o segundo semestre do ano 2009 ao sector da Administración pública, defensa e servizos sociais. Segue polo tanto, a tendencia da primeira metade do ano, se ben cabe destacar que se consideramos os dous sectores con maior oferta en Galicia, Administración pública e construción, observamos que a distancia que se dá entre o número de postos ofrecidos por un e outro sector é cada vez maior.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais	1650	981	1525	1159	2030	386
Hostalaría	222	133	176	156	104	87
Construción	600	413	351	317	238	145
Industria manufactureira	117	109	164	101	137	58
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	98	214	197	120	116	47
Comercio e reparación de vehículos	225	144	262	179	192	103
Agricultura, gandería e pesca	151	58	43	31	23	24
Transportes, almacenaxe	43	23	40	28	49	17
Información e comunicacións	23	21	21	13	11	18
Financeiras e seguros	32	7	50	47	47	13
Industria extractiva	0	3	2	2	0	1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	150	61	129	72	89	44
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	106	31	90	117	183	41
Outras actividades de servizos	110	125	347	728	348	95


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - segundo semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profissional, I.P. Servizo Público de Emprego

Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - segundo semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

Dez Estados membros propoñen actualizar o réxime xurídico dos matrimonios transfronteirizos

A lei aplicable aos matrimonios, e en especial, aquela que regula os procesos de separación ou divorcio, depende na actualidade das normas nacionais polas que se rexen os tribunais ante os que se interpoñen a correspondente demanda. Esta circunstancia pode provocar algúns problemas no caso dos matrimonios fronteirizos, dado que os procesos xudiciais aos que acudan poden converterse nunha carga económica inasumible e derivar en situacións de indefensión para algunha das partes.

A proposta normativa da Comisión formula o establecemento dun réxime común de determinación da lei aplicable, que pode ser o acordado polos cónxuxes sempre e cando a elección se corresponda co ordenamento xurídico dun Estado co que o matrimonio ou un dos seus cónxuxes manteña determinados vínculos ou no seu defecto que corresponda conforme ao regulamento comunitario.

Para coñecer o alcance e dimensión da situación, debemos ter en conta que na Unión Europea existen 122 millóns de matrimonios, dos cales 16 millóns contan con algún elemento que o converte en internacional. Así mesmo, segundo os últimos datos dispoñibles, no ano 2007 producíronse máis dun millón de divorcios, dos cales 140.000 corresponderon a matrimonios transnacionais.

Non obstante, a medida só será aplicada a priori en dez países, que por primeira vez conseguiron da man da Comisión poñer en marcha o procedemento de cooperación reforzada, que permite adoptar medidas a un determinado número de estados (nove polo menos, neste caso dez) que non poden ser asumidas nin a curto nin a medio prazo por todos os Estados membros.

Entre estes estados atópase España pero non Portugal. En todo caso, os Estados membros que inicialmente non se adhiran á devandita medida poderán facelo en canto lles sexa posible.

A medida suporá na práctica que unha vez entre en vigor o regulamento, os tribunais españois deberán aplicar a lei libremente pactada polos matrimonios que interpoñan ante eles unha demanda de separación ou no seu defecto, a lei que corresponda segundo o novo regulamento comunitario aos matrimonios transnacionais, mesmo se o ordenamento pactado polo matrimonio ou legalmente aplicable fose o portugués ou o de calquera outro estado a priori non incluído no ámbito de aplicación do regulamento.

Polo tanto, os matrimonios entre españois e portugueses poderanse beneficiar deste novo réxime sempre e cando interpoñan a demanda de separación ou divorcio ante os xulgados e tribunais españois.

É probable que outros países se adhiran ao sistema, que será inicialmente adoptado por dez Estados membros. O regulamento obrigará os Estados asinantes a aplicar ordenamentos xurídicos distintos do seu. É por iso, que determinados países que establecen como lei aplicable a súa lei nacional, son máis remisos a adoptar o sistema que previsiblemente establecerá o regulamento unha vez sexa aprobado e entre en vigor.

A Comisión formula unha consulta sobre a xornada de traballo

A Comisión remitiu aos interlocutores sociais da UE unha consulta para coñecer a súa opinión sobre a normativa que regula o tempo de traballo (Directiva 2003/88/CE sobre o tempo de traballo) e sobre as accións que tomará ao respecto o executivo comunitario.

A situación actual, segundo a Comisión, non satisfai os traballadores nin as empresas, xa que, por un lado, a seguridade e a saúde no traballo non están a recibir a protección necesaria baixo o actual marco xurídico e, por outro, o sistema non ofrece a suficiente flexibilidade na organización do tempo de traballo, tan necesaria na actualidade.

Os estados tampouco permanecen á marxe destas disfuncións, posto que lles afecta tanto a inseguridade xurídica xerada por algúns preceptos da actual directiva, como a imposibilidade de encaixalos outros nos seus ordenamentos xurídicos.

A proposta fallida de revisión de 2004 formulaba medidas para contrarrestar certos problemas como a aplicación da Directiva ao tempo de garda, permitir unha maior flexibilidade á hora de calcular o tempo de traballo semanal, ou á revisión da posibilidade de exclusión individual do límite de 48 horas.

Nestes momentos, fórmulanse outras cuestións froito da evolución recente do mercado de traballo, como a redución da xornada laboral, o aumento do traballo a tempo parcial, a conciliación da vida laboral e familiar, os cambios vinculados á expansión da sociedade do coñecemento e o uso intensivo das novas tecnoloxías.

As cuestións clave que a Comisión Europea analizará en profundidade e que deberían ser obxecto de revisión e, no seu caso, de reformulación no novo marco, son as seguintes:

- A xornada laboral e a cláusula *opt-out*:

Se ben é certo que nos últimos anos a xornada laboral se reduciu, non o é menos que a normativa que limitaba a 48 horas o tope semanal non responde ás necesidades de numerosos sectores e mesmo ás de determinados países que estenderon a cláusula *opt-out*, de descolgue voluntario, a todos os seus sectores (cinco Estados membros) ou limitado a determinadas áreas de actividade (dez Estados membros).

- As horas de garda:

En determinados sectores (sanitario, emerxencias, etc.), o traballo inclúe horas de garda, nas que o traballador non desenvolve actividade ningunha pero permanece dispoñible no seu posto. A cues-

tión radica en como computar as horas de traballo e a súa remuneración, habida conta dos dereitos dos traballadores e os intereses das empresas ou empregadores (en moitos casos a propia Administración pública). O Tribunal de Xustiza estableceu que os períodos de garda no centro de traballo aínda sen desenvolver a actividade, deben ser considerados como tempo de traballo.

- Flexibilidade na distribución das horas de traballo semanal:

En determinados sectores nos que a carga de traballo flutúa de xeito importante, a flexibilidade nos límites horarios semanais é clave para poder manter a competitividade. A actual Directiva ten en conta medidas para considerar esa distribución irregular da carga de traballo á hora de calcular o límite das 48 horas semanais, referindo o cálculo semanal a períodos de catro meses, que poden ser ampliados ata seis ou doce meses a través da negociación colectiva. Non obstante, as posibilidades de ampliación (vía negociación colectiva) non son as mesmas en todos os Estados membros, polo que a regulación actual non satisfai as empresas no mercado interior por igual. Do mesmo xeito, tamén se considera o perigo da mala utilización da flexibilidade, que pode dar lugar a xornadas excesivas e perigosas para a saúde e a seguridade dos traballadores.

- Flexibilidade dos tempos mínimos de descanso:

Outro aspecto importante para ser analizado é o poder de disposición da empresa para organizar o tempo de traballo e os períodos de descanso preceptivos do traballador, compatibilizando a eficiencia das actividades empresariais, a seguridade e a saúde dos traballadores e a conciliación da vida laboral e familiar. Para iso, é necesario un marco flexible e que á vez garanta os dereitos dos traballadores. A xurisprudencia do Tribunal de Xustiza manifestou a necesidade de que o descanso se goce o antes posible e, en calquera caso, inmediatamente despois da xornada estendida.

A Comisión Europea abriu este período de consultas que terá unha duración de seis semanas, como unha primeira fase dun proceso que propiciará un novo marco xurídico europeo en materia de tempo de traballo. Unha nova normativa que responda a obxectivos como a protección da saúde e a seguridade dos traballadores, a mellora do equilibrio entre a vida laboral e a privada, e a concesión de flexibilidade ás empresas e aos traballadores, sen que iso represente unhas cargas administrativas innecesarias para as empresas, especialmente para as pemes.

Unha nova norma codificará a libre circulación de traballadores dentro da UE

No seu afán por simplificar e clarificar o Dereito comunitario, a Comisión Europea iniciou os trámites para a codificación do Regulamento (CEE) n.º 1612/68 do Consello, do 15 de outubro de 1968, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da comunidade. Con este obxectivo, elaborouse unha proposta de regulamento que unha vez aprobada, substituirá a disposición que data do ano 1968 e os distintos actos de modificación. A nova norma pretende facer máis accesible a normativa aplicable e os dereitos nela contidos, pero sen practicar máis cambios que aqueles que sexan necesarios para a codificación, sen afectar polo tanto o réxime vixente. A proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á libre circulación dos traballadores dentro da Unión [COM (2010) 204 final] data do 5 de maio de 2010.

Consultas

Trámites de circulación

Cuestión: Son un traballador residente en Galicia e vou ser contratado por unha empresa portuguesa cuxo centro de traballo está en Portugal. Desprazareime diariamente desde o meu domicilio ao novo centro de traballo no meu vehículo particular que ten matrícula española. Teño que realizar algún trámite relacionado co meu vehículo polo feito de circular diariamente por territorio portugués?

Resposta: A lexislación portuguesa, en concreto o *Código do imposto sobre vehículos*, establece no seu artigo 34, que se permitirá a circulación temporal por territorio portugués dos vehículos de traballadores transfronteirizos que residan en España coa súa familia e se despra-

cen diariamente en traxecto de ida e volta entre o lugar de residencia e o centro de traballo, situado nunha localidade fronteiriza adxacente en territorio portugués, sempre e cando a unidade familiar non dispoña de domicilio en Portugal.

Para iso, deberase solicitar unha autorización á Dirección-Geral das Alfándegas e dos Impostos Especiais sobre o Consumo, no prazo de 30 días desde que comeza a situación. Coa solicitude deberá acompañarse a documentación que xustifique o centro de traballo no que presta os seus servizos, domicilio de residencia, documentación do vehículo e documentos de identificación do cidadán.

O permiso ou autorización expídese por un prazo de 12 meses prorrogables.

Capitalización do paro

Cuestión: Resido en Portugal e quedei sen emprego, motivo polo cal percibo unha prestación por desemprego. Neste momento xurdíume a oportunidade de poñer en marcha un negocio. É posible "capitalizar o paro" en Portugal ao igual que sucede en España?. Podería cobrar dunha soa vez a prestación por desemprego á que tería dereito durante varios meses?

Resposta: Os beneficiarios da prestación por desemprego en Portugal, poden solicitar nun único pagamento o importe total das prestacións por desemprego pendentes. Para iso, deben presentar un proxecto viable económica e tecnicamente que xustifique, polo menos, a creación do seu propio posto de traballo a tempo completo.

O proxecto pode recibir, en caso de que así se solicite, asistencia técnica en diferentes aspectos: formación, recrutamento de traballadores, consultoría especializada, etc., por parte do Instituto do Emprego e a Formação Profesional (IEFP), ou de terceiros, en cuxo caso os gastos

poden ascender ata o 5% do total do investimento subvencionable.

A solicitude do pagamento único é compatible con outras axudas para a creación do propio posto de traballo, como un apoio complementario (axuda a fondo perdido) ata un límite de 12 veces o Indexante dos apoios sociais (IAS, 419 € en 2010), que debe dedicarse á adquisición de bens e servizos vinculados ao proxecto ou a formación.

O pagamento único do subsidio é compatible tamén con créditos garantidos e con tipos de xuro subvencionados (poderá optarse pola axuda a fondo perdido do parágrafo anterior ou polos créditos subsidiados), para financiar investimentos do proxecto.

As axudas expostas, dependen do Instituto do Emprego e a Formación Profesional de Portugal (IEFP) e a solicitude debe presentarse nos centros de emprego do devandito instituto, correspondentes á área de residencia do promotor ou á área de posta en marcha do proxecto profesional.

Cobro de desemprego no país de orixe

Cuestión: Estiven a traballar en España por conta dunha empresa española, e polo tanto cotizando en España. Unha vez finalizado o meu contrato regresei ao meu domicilio de orixe en Portugal. Podo cobrar a prestación por desemprego en Portugal?. Como xustifico os períodos de cotización en España ante a Administración portuguesa?

Resposta: Se necesita acreditar os períodos traballados nun país da Unión Europea - no caso exposto, en España- o documento que debe entregar con carácter xeral ás autoridades portuguesas é o formulario E-301 (o organismo competente de cada país tramita este documento). Se regresou a Portugal e non dispón deste formulario, pode tramitar a súa solicitude a través do Servizo Público de Emprego Estatal.

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54

15705 Santiago de Compostela

Tel.: + 34 981 555 888

Fax: + 34 981 555 882

Correo electrónico: euoinfo@ceg.es

<http://www.ceg.es>

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha

4930 - 677 Valença. Portugal

Tel.: + 351 251 826 105

Fax: + 351 251 826 104

<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Enterprise Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria e referencias das ofertas publicadas no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia (euoinfo@ceg.es).

Portugal

Empresa portuguesa, especializada en estampaxe e deseño de accesorios metálicos, madeira, plástico e construción de modelos, busca intermediarios comerciais e socios para establecer acordos de produción recíproca. A empresa dedícase á construción de mobiliario de cociña e baño, armarios e portas de seguridade e comercializa accesorios de metal inoxidable para a industria de ferraxería, vidro e construción civil.
Ref. 10/362/EC

Empresa portuguesa, especializada na fabricación de estruturas metálicas, busca servizos de intermediación comercial. Así mesmo, a empresa busca e ofrece traballos de subcontratación.
Ref. 10/400/EC

Empresa portuguesa, especializada na produción de materiais de alta calidade para a construción, como cemento, morteiro e similares, busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.
Ref. 10/401/EC

Empresa portuguesa, especializada na produción e comercialización de flores exóticas (cymbidium orquídeas, proteas e similares, strelitzias, etc.), está interesada en servizos de intermediación comercial: distribuidor. Así mesmo, ofrece servizos de intermediación comercial de flores frescas, plantas e accesorios.
Ref. 10/402/EC

Empresa portuguesa, especializada no campo de axencias de viaxes e turismo, ofrece e busca acordos de *joint-venture* con empresas do mesmo sector e así poder intercambiar información e contactos.
Ref. 10/403/EC

Empresa portuguesa, dedicada ao deseño, produción e marketing de roupa e uniformes de traballo, busca cooperación comercial para distribuír os seus produtos e para subcontratación de acordos.
Ref. 10/404/EC

España

Laboratorio galego, especializado na fabricación e *marketing* de produtos farmacéuticos e sanitarios, busca socio para *joint-venture* e así colaborar na fabricación de produtos e diferentes proxectos.
Ref. 10/021/NEC

Empresa galega, especializada en servizos nos campos da topografía, cartografía, batimetría e ortofotografía busca socio para *joint-venture*.
Ref. 10/020/NEC

Empresa galega, fabricante de aditivos alimentarios (pans, encolantes, rebozados) e tratamentos e aditivos para o sector pesqueiro, busca cooperación comercial: axentes comisionistas ou distribuidores.
Ref. 09/019/NEC

Empresa galega que fabrica e comercializa equipos de corte en canteiras e útiles diamantados, busca socio con produtos innovadores para distribuír en exclusiva a súa carteira de produtos en España.
Ref. 09/018/NEC

Empresa galega, fabricante de conservas de peixe e marisco, busca servizos de intermediación comercial: importador, distribuidor.
Ref. 09/017/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación de compoñentes para mobles en madeira ou fibras, busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.
Ref. 09/016/NEC

Empresa galega, especializada na elaboración e crianza de viños, ofrécese e busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.
Ref. 09/015/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación e distribución de estores e cortinas para a decoración de ventás e protección solar, busca cooperación comercial (axente, representante ou distribuidor) e socio para *joint-venture*.
Ref. 08/014/NEC

Empresa galega, con instalación de zincado electrolítico e fabricante de pezas roscadas e en arame como abarcóns, bulóns de ancoraxe, ganchos, varas, pezas baixo plano, e pezas de estampaxe en chapa, ofrece servizos de subcontratación. Así mesmo, ofrécese para a distribución en España de elementos relacionados co sector da construción na canle de almacéns de materiais.
Ref. 08/013/NEC

Empresa galega, especializada na elaboración de produtos alimentarios precociñados de calidade, busca cooperación comercial: distribuidores. Así mesmo, busca manter unha relación estreita con este socio comercial para poder ofertarlle produtos personalizados para nichos de mercado que requiran destes produtos específicos.
Ref. 08/012/NEC

Os contidos e información incluídos neste boletín non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664